



## CIRCULAR INFORMATIVA

### COMEDOR ESCOLAR

1º.-Enviamos impreso de **autodeclaración** de ingresos para o alumnado que solicita **comedor** no vindeiro curso. Deberán entregar este impreso na Secretaría, antes do **11 de setembro de 2018**. Rogamos que o entreguen **canto antes** para facilitarnos os trámites.  
No caso de non entregar debidamente cuberto e asinado este impreso terán que aboar o importe máximo do custo de comedor.

2º.- Os que aboen o comedor, deberán recoller o **recibo de xuño** en **secretaría**, pagalo e entregar o xustificante antes do **6 de xullo**. Lembramos que sin este recibo pagado non se pode usar o servizo de comedor o curso 2018-2019.

3º.- As **listaxes de usuarios** de comedor escolar e transporte para o vindeiro curso publicaranse o **10 de xullo**.

4º.- Do **22 de xuño ao 11 de setembro** estará aberto o prazo para **colaborar** no servizo de comedor escolar.

### LIBROS DE TEXTO

1º.- Lembramos que deben **devolver os libros de texto** prestados do fondo libros as súas/seus **titoras/es** antes do **21 de xuño**. O alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria non debe devolver os libros. Este centro admite doazóns de libros de texto das familias.

2º.- O prazo de presentación de solicitudes para o **fondo solidario de libros** remata o **22 de xuño**. As **listaxes provisionais** de admitidos no fondo publicaranse o **6 de xullo**, e as **definitivas** o **13 de xullo**.

3º.- Os **cheques** para **material** de 1º a 6º e os **cheques** para **libros de texto** de 1º e 2º de Educación Primaria entregaranse a partires do día **3 de setembro** na Secretaría do centro.

4º.- As **listaxes de libros** para o vindeiro curso serán publicadas o **14 de xuño**. O alumnado de **3º, 4º, 5º, e, 6º** de Educación Primaria **non deberá mercar ningún libro ata que se lle indique en setembro**. Daremos as instrucións para os libros no mes de setembro, e serán as/os mestras/es, cando se inicie o curso, quen entregará os libros.

A Secretaría do Centro permanecerá pechada do **16 de xullo** ao **2 de setembro**.

Un cordial saúdo e o desexo dunhas felices vacacións!

O Equipo Directivo

